



O fondo fotográfico Mario Blanco Fuentes da Guerra Civil Española

Juan Andrés Fernández Castro
juanandresfc@yahoo.es

A Mario Blanco Fuentes (Cuntis 1917-A Estrada 2000) coma tantos outros españois da súa quinta sorprendeuno a sublevación franquista en plena idade militar de modo que con 20 anos apenas cumpridos foi incorporado ao *Cuerpo de Ejército de Galicia* e destinado inmediatamente ao seu Estado Maior. Esta unidade militar, mandada polo xeneral Antonio Aranda, entra en combate na fronte de Asturias no 1937 onde o noso Mario oe por vez primeira o zunido dos obuses fendendo o aire e as descargas de fusilería da batalla de Oviedo, un dos primeiros episodios daquela Guerra Civil que constituiu a particular contribución española á barbarie europea do século XX. Foi daquela cando o coronel xefe do Estado Maior, Fermín Gutiérrez de Soto, incorpora ao seu Gabinete Fotográfico a Mario Blanco xunto con José Longueira, Ángel Llanos, Jaime Pacheco, Faustino López e José Lombradía, aos que ocasionalmente se unía o tenente Wenzel, enxeñeiro suízo que por aquel tempo traballaba en España na instalación da rede telefónica automática. Os fotógrafos do CEG avanza coas tropas rexistrando incansablemente coas súas cámaras os desprazamentos das unidades e os seus movementos tácticos; a fronte inimiga e o fragor da batalla, os destrozos dos bombardeos, a ruína dos outrora soberbios edificios e as rúas desertas das cidades. No Fondo Fotográfico de Mario Blanco podemos encontrar excelentes imaxes fotográficas, documentos únicos, inéditos os máis deles, aínda que cómpre recoñecer que a calidade media da maioría das imaxes acusa as condicións adversas en que foron tomadas, moitas delas no fragor do combate ou en pleno bombardeo da aviación inimiga. Sen esquerer as deficientes condicións do proceso de revelado, efectuado ás veces baixo temperaturas extremas e en improvisados e non sempre limpos laboratorios de campaña.



Mario Blanco en 1937.

Cómpre recoñecer a Mario Blanco o extraordinario acerto de documentar escrupulosamente cada fotografía, constatando no seu reverso valiosísima información que nos permite contextualizar exactamente, tantos anos despois, aquelas imaxes un tanto esvaídas xa polo tempo. O soporte físico do fondo está constituído por 916 fotografías en branco e negro que na actualidade poden consultarse, xunto cos seus correspondentes textos plasmados polo autor no seu reverso, na páxina web do museo Manuel Reimóndez Portela da Estrada baixo o epígrafe *Memoria gráfica da Guerra Civil Española*.